

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/07/2021 9:32:46

SAIDA **11581/21**



Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 63/2021**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 1 de xullo de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 20 de xullo de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10/05/2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Santiago de Compostela, ás achegas económicas do dito Concello, se as houbera, no Convenio de colaboración coa entidade pública empresarial AENA para impulsar os servizos turísticos no aeroporto de Santiago e o Convenio de colaboración do Comité de Desenvolvemento de Rutas Aéreas de Galicia e a relación dos contratos adxudicados, convenios asinados e subvencións concedidas pola empresa pública Incolsa a empresas de transporte aéreo dende o 1 de xaneiro de 2016 ata a presente data; con indicación do obxecto, duración, importe do contrato/subvención ou obrigas económicas contraídas, data de formalización e identificación das partes, adxudicatarios e beneficiarios.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude presentada.

O interesado en síntese, expón que non recibiu resposta nin comunicación algunha por parte do Concello, polo que entende que a solicitude foi desestimada.

Considera que no presente caso non se deron os supostos para a ampliación do prazo para resolver que establecen os artigos 19.3 e 20.1 da Lei 19/2013, e que a información que solicita, xa debería estar publicada, de conformidade co artigo 8.1 da mesma Lei.

Segundo. Con data do 11 de maio de 2021, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Santiago de Compostela para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 14 de maio de 2021, sen que polo Concello se remitise copia do expediente e o informe solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que o Concello de Santiago de Compostela non ditou resolución expresa sobre a solicitude presentada, procede admitir a reclamación contra a desestimación da mesma, por ter transcorrido o prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso a determinada información ao Concello de Santiago de Compostela referente a achegas económicas do dito Concello no Convenio coa entidade pública empresarial AENA e no Convenio co Comité de Desenvolvemento de Rutas Aéreas de Galicia, e a relación dos contratos adxudicados, convenios asinados e subvencións concedidas por unha empresa pública, información que débese entender que se trata de información pública de acordo co establecido nos artigos 24 da Lei 1/2016 e 13 da Lei 19/2013.

Pola Comisión da Transparencia solicitouse ao Concello a achega do seu criterio respecto da solicitude de acceso á información, mediante a remisión de informe e copia do expediente que non se recibiu, o que obriga a continuar a tramitación do expediente sen os seus argumentos.

A Comisión non ten información sobre o contido concreto da información solicitada, pero ao tratarse de información pública, por ser elaborada ou adquirida no exercicio das súas funcións, debe o Concello resolver expresamente sobre o acceso, examinando previamente se a información solicitada esta afectada por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, en cuxo caso deberá, de forma motivada, dissociarse os datos de carácter persoal existentes ou eliminar se procede, os contidos parciais que poidan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (artigos 14.2 da referida Lei).

A resolución que se pronuncie, debe formalizarse coa oferta de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta a oferta do correspondente recurso substitutivo.

Debe lembrarse ao Concello de Santiago de Compostela que, consonte o disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a

consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, debe lembrarse ao Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obrigaón de remitir a esta Comisión os informes que se lle requiran, para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

Sexto. Audiencia ao interesado.

O interesado solicita que antes de redactar a proposta de resolución, se lle dea traslado de todos os documentos incorporados ao expediente e se outorgue trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 82.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non procede a apertura do trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 39/2015, dado que non se tiveron en conta para a elaboración da proposta de resolución, novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 10 de maio de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Santiago de Compostela, das achegas económicas do dito Concello no Convenio de colaboración coa entidade pública empresarial AENA, no Convenio de colaboración do Comité de Desenvolvemento de Rutas Aéreas de Galicia e a relación dos contratos adxudicados, convenios asinados e subvencións concedidas pola empresa pública Incolsa a empresas de transporte aéreo.

Segundo: Instar ao Concello de Santiago de Compostela a que no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición proporcionando a información solicitada de forma completa, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Santiago de Compostela a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2021.07.22 11:39:32 +02'00'
Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia